

# SEMPRE NOS QUEDARÁ MAÑÁ

# 1280

Paola Cortellesi, 2023

ESTREA EN NUMAX: 26.04.2024 | V.O.S.E. | +12 | 118 min

Roma, 1946. Delia ten tres fillos e está casada co malhumorado Ivano, que non a trata demasiado ben. Tras a guerra, ambos loitan por sacar a súa familia adiante con varios traballos mal pagos. Pero un día, unha marabillosa noticia sorpréndeos: Marcella, a filla maior, acaba de comprometerse con Giulio, un mozo moi simpático de boa familia. Delia está moi ilusionada con este novo comezo que traerá un futuro mellor para todos. Con todo, recibe unha misteriosa carta que promete cambiar os plans de toda a familia para sempre...

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Un melodrama desvergoñado e á  
antiga usanza sobre o  
empoderamento feminino»

Allan Hunter, SCREENDAILY



## Entrevista con Paola Cortellesi: «A 'commedia all'italiana' soubo contar as cousas máis terribles desde o humor»

Por Diego Brodersen

**A de rodar en branco e negro é unha decisión estética forte. Hai outras razóns alén de reflectir unha época a través do cinema que se producía nese momento, inmediatamente despois da Segunda Guerra Mundial?** Máis que estética diría que foi unha decisión instintiva. A miña avoa e a miña bisavoa contábanme historias desa época, historias que presenciaran ou que escoitaran. Cousas que se transmitían nos patios, porque o certo é que a vida entón era moi comunitaria, había moi pouca privacidade. Cando a miña *nonna* me contaba esas cousas había un elemento que sempre me chamaba a atención: o ton humorístico e lixeiro. Falaban de cousas duras como a fame, a miseria, a morte, pero sempre con algo de distancia. Supoño que iso é parte da natureza humana; talvez haxa algo ligado á necesidade de exorcizar todas esas cousas. Doutra banda, sempre escribín guións utilizando o humor. O certo é que imaxinaba eses recordos en branco e negro, talvez porque así era como mos contou o cinema daqueles tempos, o do Neorrealismo. Mesmo antes de comezar a traballar no guión a decisión de que fôra en branco e negro xa estaba tomada.

**Máis aló desa ligazón co período neorrealista do cinema italiano, hai claras influencias da *commedia all'italiana*, cuxos máximos expoñentes lograron narrar as historias máis escuras utilizando o humor.** Crecín vendo esas películas, como *C'eravamo tanto amanti* (1974), de Ettore Scola, que adoitaban pasar na televisión estatal. Mirábamolas co meu papá, que era un apaixonado do cinema, en particular durante o verán, cando pasaban películas vellas. E o branco e negro non era algo que me amolase. Tampouco o feito de que fosen filmes antigos para min, que era unha rapaciña. Pola contra, gustábanme moito. Crecín cos grandes mestres da *commedia all'italiana*, como Mario Monicelli, Dino Risi, Luigi Comencini, aos que aprendín a amar. Por esa razón creo que eses nomes moldearon a miña maneira de escribir. Unha maneira de entender o humor e, en certo xeito, o cinema. Sempre crin que a *commedia all'italiana* contou cousas do noso país moito mellor que outro tipo de películas. O verdadeiro carácter italiano, que está cheo de matices. Esas comedias describiron as cousas máis terribles, pero sempre con humor. Hai unha verdade nesa mestura de tons que non adoita estar presente cando a película traballa só o dramático ou a comedia pura e dura.

**O marco do relato inclúe as primeiras eleccións xerais en Italia, que tiveron lugar en 1946. Iso introduce no relato un aspecto político moi importante, xa que foron os primeiros comicios nos que puideron participar as mulleres.** A última parte do filme transcorre en dous días que foron moi importantes para a nosa historia: a primeira vez que as mulleres puideron votar nun sufraxio político. Algo que ademais coincide coa substitución da monarquía por unha república. O 2 de xuño de 1946 é o día do nacemento de Italia como república. Nas imaxes documentais desa xornada pode verse as mulleres coas papeletas electorais na man. Como escribiu a xornalista Anna Garofalo na altura: "Apretábamos as papeletas coma se fosen cartas de amor". Durante ese día, as mulleres sentíronse importantes máis aló do *padrone* das súas casas. Hai moitas mulleres relevantes cuxos nomes son lembrados, as que tiveron que ver coa reforma da constitución e que mesmo arriscaron a súa vida, pero a idea da película era celebrar a aquelas outras mulleres que ninguén lembra, as que foron educadas na obediencia, as "ignorantes" que, con todo, sabían que a emancipación pasaba por obter dereitos.



## Na librería NUMAX [numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*La historia*,  
Elsa Morante.  
Lumen, 2018

*Léxico familiar*,  
Natalia Ginzburg.  
Lumen, 2022

*Léxico familiar*,  
Natalia Ginzburg.  
Acantilado, 2024

*El cuaderno prohibido*,  
Alba de Céspedes.  
Seix Barral, 2022

*Una mujer*,  
Sibilla Aleramo.  
Altamarea, 2020

*La mujer helada*,  
Annie Ernaux.  
Cabaret Voltaire, 2015

*La amiga estupenda*,  
Elena Ferrante.  
DeBolsillo, 2018